



BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUN BANCO MUNICIPAL DE LOCAIS COMERCIAIS E DE NEGOCIOS SEN ACTIVIDADE NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

O banco municipal de locais comerciais e de negocios dispoñibles e sen actividade é unha iniciativa do Concello de Vilagarcía para a revitalización e promoción da actividade socioeconómica da cidade.

A iniciativa pretende dar pulo ao desenvolvemento da cidade asumindo o compromiso de facer de Vilagarcía unha cidade cohesionada, integrada e sustentable, favorecendo a xeración de novas oportunidades sociais e económicas para un crecemento innovador e integrador.

A revitalización da actividade económica da cidade actuará como factor dinamizador fomentando o desenvolvemento económico e social de Vilagarcía.

PRIMEIRA. OBXECTO E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

A finalidade deste proxecto é que os titulares de locais comerciais e de negocios que se atopan sen actividade e teñan vontade de poñelos en aluguer, utilicen este servizo e, ao tempo, que as persoas con iniciativas empresariais ou de emprendemento que precisen un local para o desenvolvemento do seu proxecto empresarial, dispoñan de información sobre espazos dispoñibles para o emprazamento do seu negocio.

SEGUNDA. OBXECTIVOS XERAIS

- Informar a empresarias, empresarios e persoas emprendedoras, dos espazos susceptibles de uso para o desenvolvemento da actividade comercial e de negocios.
- Impulsar o establecemento ou posta en marcha de novos proxectos de negocio nos locais comerciais de Vilagarcía que se atopan baleiros e sen actividade.
- Dar visibilidade aos espazos que actualmente están baleiros
- Impulsar a implantación de novas actividades profesionais, comerciais e produtivas.
- Impulsar o emprendemento e a innovación nos espazos xa existentes que se atopan baleiros e sen actividade.
- Revitalizar e dinamizar o tecido comercial e as zonas industriais da cidade.



TERCEIRA. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Creación dun programa unificado de apoio á revitalización, modernización, e promoción da actividade socioeconómica da cidade.
- Creación de novas iniciativas empresariais e proxectos emprendedores ou mellora dos xa existentes.
- Fomentar o desenvolvemento de actividade comercial, profesional e/ou artesán a pé de rúa para crear unha cidade viva e referente pola calidade de vida da veciñanza e a acollida dos visitantes.
- Creación dun rexistro de locais comerciais e espazos industriais baleiros e aptos para o desenvolvemento de novas actividades.
- Creación dunha ferramenta que poña en contacto a propietarios con potenciais inversores e emprendedores.

A efectos destas bases enténdese por **LOCAL**, todo espazo no que pola forma en que foi construído, reformado ou adaptado, se leven ou poidan levarse a cabo no mesmo actividades económicas ou sociais dependentes dunha empresa ou institución.

O ámbito territorial de influencia destas bases reguladoras para a creación dun banco municipal de locais comerciais e negocios sen actividade, será a totalidade do espazo urbano da cidade de Vilagarcía.

CUARTA. DESTINATARIOS

- 1- Propietarias/os de locais desocupados e sen actividade, susceptibles de ser alugados para o desenvolvemento dunha actividade empresarial. O Concello levará a cabo internamente as comprobacións precisas para determinar que o local non ten actividade, sen prexuízo da declaración responsable asinada polo titular do local onde conste que o local non ten actividade, e está dispoñible para o seu aluguer nos termos establecidos nestas bases.
- 2- Persoas físicas e xurídicas con proxectos de empresa e emprendemento que precisen un local comercial ou de negocios en réxime de aluguer para por en marcha o seu proxecto.



QUINTA. SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN E OBRIGAS

5.1. SOLICITUDE

A solicitude de Inscripción no BANCO MUNICIPAL DE LOCAIS COMERCIAIS levarase a cabo polo propietario/a ou axencia inmobiliaria autorizada polo propietario, a través da sede electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal; procedemento 5006).

Os particulares que o precisen poderán realizar a solicitude a través do rexistro do concello de maneira presencial.

Unha vez revisada por parte do Concello a información facilitada sobre os espazos adheridos ó banco procederase á publicación e promoción do local no do site Invest in Vilagarcía, facilitando o contacto directo das persoas interesadas no aluguer do local co propietario ou axencia inmobiliaria autorizada.

En caso de acordo, os locais e espazos adheridos obterán os beneficios correspondentes derivados das accións de apoio prestadas polo Concello.

5.2. DOCUMENTACIÓN

5.2.1. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

- 1 - DNI/NIF/NIE da persoa titular do local e, no caso de actuar a través de representante, documentación acreditativa da devandita representación, conforme aos medios legalmente establecidos.
- 2 - Declaración responsable relativa á titularidade e dispoñibilidade do uso do local.
- 3 - Autorización, relativa a:
 - Cesión de datos persoais a terceiros interesados no aluguer, así como a publicalos nun ficheiro accesible para terceiros a través da web municipal
 - Utilización do escaparate e fachada do local como espazo identificativo vinculado á promoción e dinamización económica e sociocultural da cidade e asumir o compromiso de colaborar nas accións de promoción socioeconómica que se desenvolvan dende o Concello de Vilagarcía.
- 4 - Cinco fotografías do estado actual do local en formato dixital
- 5 - Comunicar ao Concello calquera cambio nos datos facilitados respecto do local, a fin de manter os datos actualizados.



5.2.2. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE DE AXUDA PARA CONTRATACIÓN DE SEGURO DE IMPAGO DO ALUGUER

Para o caso de solicitar axuda do Concello para o seguro de impago do aluguer, logo da formalización do contrato de arrendamento, deberá aportar a través de rexistro:

- **ANEXO II**, solicitude aboamento seguro impago:
- Contrato de aluguer
- Póliza de seguro contratada
- Resgardo de Aboamento do seguro
- Certificado de titularidade de conta bancaria para aboamento da axuda en concepto de seguro de impago.
- Certificados de non débedas coas Administracións Públicas

5.3. OBRIGAS

5.3.1. Son obrigas do Concello de Vilagarcía

- a) Publicar no espazo virtual invest in Vilagarcía unha ficha técnica de cada un dos locais susceptibles de ser alugados, especificando situación, características e fotografías do local, prezo do aluguer
- b) Difundir o banco e os seus espazos a través do site Invest in Vilagarcía así como a través de actuacións de difusión Pop-up.
- c) Estudar a viabilidade e iniciar as xestións necesarias para o establecemento dunha taxa reducida na licenza de actividade, para os negocios que se veñan desenvolvendo en pisos e se trasladen a os locais incorporados ó banco municipal así como aqueles que abran un segundo ou posterior
- d) Aboar, mediante ingreso na conta bancaria facilitada polo propietario do local, unha vez que se acredite documentalmente a contratación e aboamento do mesmo, os custos da contratación dun seguro de impago por período dun ano cun límite máximo de 600 € por local asegurado. A tal fin dotarase unha partida de 18.000 Euros, con cargo á aplicación 4311-470, do orzamento municipal para o 2022.
- e) Asumir os custos de mellora e ornato da imaxe dos locais incorporados ó banco cando sexan utilizados para eventos e accións de dinamización das rúas da cidade, organizados polo Concello. Para o cal se dotará unha partida de 2.000 euros con cargo á aplicación



4311-22799, para o ano 2021 e 8.000 euros, con cargo á mesma partida para o exercicio 2022.

- f) Manter actualizados os datos, previa comunicación das modificacións por parte das persoas propietarias.
- g) Informar e atender a cantos usuarios o soliciten formalmente mediante o formulario aprobado e publicado a tal efecto
- h) O Concello de Vilagarcía non intervirá como intermediario na relación contractual do arrendamento.
- i) Convocar unha liña de axudas para modernización, mellora, adaptación e dixitalización dos locais incorporados ó banco, nos que se exerza actividade económica, comercial e profesional, cun máximo de 1.000 € por local, que abranguerá os gastos realizados por estes conceptos, dende a aprobación da creación do banco de locais ata a data que se determine na convocatoria, ou ata o esgotamento dos fondos da partida destinada a esta liña de axudas. Para o cal se dotará unha partida de 20.000 euros na aplicación 4311-770 do estado de gastos do orzamento 2022.

5.3.2. Son obrigas dos propietarios dos locais

- a) Formular a correspondente solicitude de incorporación ó banco mediante a cumprimentación do formulario que estará á súa disposición no enderezo virtual investinvilagarcia.gal e sede.vilagarcia.gal procedemento 5006 acompañando ao mesmo toda a documentación complementaria e documento de protección de datos debidamente asinado.
- b) Facilitar o acceso ao local do persoal do Concello para supervisión do estado do local, se for preciso.
- c) Colocar en lugar visible o distintivo de estar o local incluído no banco municipal de locais (anexo I). O devandito distintivo será facilitado polo departamento de Promoción Económica do Concello de Vilagarcía.

SEXTA. REQUISITOS DOS ESPAZOS

- 1- Estar situado no Concello de Vilagarcía de Arousa
- 2- Atoparse baleiros e sen actividade



- 3- Contar coas condición mínimas de seguridade e habitabilidade susceptibles de ter unha actividade comercial e/ou de servizos.
- 4- Cumprir as normativas urbanísticas
- 5- Ofertar un prezo de mercado
- 6- Permanecer dispoñible durante a duración da presente iniciativa, isto é, ata decembro de 2022.
- 7- Informar e solicitar formalmente a baixa do banco de locais, no caso de venda ou calquera outra circunstancia que implique a non dispoñibilidade do local

SÉTIMA. BENEFICIOS PARA OS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

- No seu caso, taxa reducida de licenza nova de actividade comercial, para os negocios que cumpran o requisito establecido na **base QUINTA apartado 5.3.1 c)**
- Axuda municipal en contía equivalente ao importe da póliza de seguro de impago contratada para un período dun ano cun límite de 600 € por local. sempre e cando cumpra os requisitos establecidos nas seguintes bases.
- Axuda municipal en contía máxima de 1.000 €/local para facer fronte aos gastos de modernización, mellora, adaptación e dixitalización dos locais incorporados ó banco nos que se exerza actividade económica, comercial e profesional sempre e cando cumpra os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

OITAVA. ACEPTACIÓN DAS BASES

Coa sinatura da autorización correspondente os titulares dos locais sen actividade aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.

NOVENA. VIXENCIA.

A duración da presente iniciativa, abrangue dende a data do seu inicio ata o mes de decembro de 2022, inclusive.

Os datos facilitados serán incorporados na base de datos xestionada polo Concello e terán unha vixencia equivalente á duración da iniciativa Banco Municipal de locais comerciais e de negocios da cidade de Vilagarcía, salvo que se produza calquera situación que altere as condicións de dispoñibilidade, circunstancia que os titulares deberán comunicar para proceder á súa baixa no banco.



DÉCIMA. COMPETENCIA MUNICIPAL PARA A POSTA EN MARCHA DESTE SERVIZO

O artigo 25 da LRBRL de 2 de abril, establece que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.